

**Acta núm. 17/2022.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 25 de outubro de 2022.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

José Luis Sampedro Bouzas.
Carlos Noya Pereira.
María Rosa Romero Fariña.
Sandy Marie Cebral Gómez.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14,20 horas (con retraso), do 25 outubro de 2022, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 16/2022, DO 04.10.2022.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 4º) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 5º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 6º) MODIFICACIÓN DE LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 7º) BONIFICACIÓN DE PREZO PÚBLICO.
- 8º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 16/2022, DO 04.10.2022.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 04.10.2022, acta núm. 16/2022.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Ferrán Nogue Collgros, que di actuar en representación de CLIDOM SOLAR, S.L., na que comunica que van instalar 15 placas solares para autoconsumo na cuberta da vivenda de Guisande 49, Os Ánxeles, segundo proxecto técnico redactado polo enxeñeiro industrial Eric Magri Bosch, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Cataluña, con data 05.09.2022.

A parcela (referencia catastral 6531415NH2463S0001BR) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-2, para áreas non consolidadas pola edificación e sitúase dentro da aldea de Guisande, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada como AE3, e non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal. A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 205,85 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
Total: 270,42 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Ferrán Nogue Collgros, que di actuar en representación de CLIDOM SOLAR, S.L., na que comunica que van instalar 12 placas solares para autoconsumo na cuberta da vivenda de Beca 22, Bastavales, segundo proxecto técnico redactado polo enxeñeiro industrial Eric Magri Bosch, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Cataluña, con data 21.09.2022.

A parcela (referencia catastral 9908422NH2490001HE) emprázase sobre un ámbito clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-1, para áreas consolidadas pola edificación.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 165,17 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 229,74 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Miguel Ángel García Riesco, que di actuar en representación de BELS PRODUCTOS Y SISTEMAS, S.L., na que comunica que van instalar 12 placas solares para autoconsumo na cuberta da vivenda de Estrar 36, Os Ánxeles, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro industrial Aitor Rodríguez Alonso.

A parcela (referencia catastral 7139239NH2474S0000TQ) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-1, para as áreas consolidadas pola edificación.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 138,30 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 202,87 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Juan Gabriel Suárez Riobó, que di actuar en representación de MARÍA AMPARO BUJÁN LÓPEZ, na que comunica que vai instalar placas solares para autoconsumo na cuberta da vivenda do Outeiro 40, Os Ánxeles, segundo proxecto técnico redactado polo enxeñeiro industrial Juan Gabriel Suárez Riobó.

A parcela (referencia catastral 8272724NH2484S0001GY) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-1, para áreas consolidadas pola edificación.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 175,14 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 239,71 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SOLEDAD PAZOS PATIÑO, na que comunica que vai construír un peche no fronte da parcela situada en Saíme 21, Bastavales, con sillería de pedra e columnas intercaladas, de 40 m. de lonxitude.

A parcela (referencia catastral 5068901NH2456N0001HB) onde se vai construír o peche emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- O peche deberá afastarse 5,50 m. do eixe do vial.

.- A altura máxima do peche non poderá exceder de 1,80 m.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 35,82 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 100,39 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CONCEPCIÓN RODRÍGUEZ GARCÍA, na que comunica que vai realizar obras de conservación na vivenda da Avda. Santa Minia 45, Brión, consistentes en arranxar parte do tellado (aproximadamente 10 m²), recolocando as tellas movidas.

A parcela (referencia catastral 6259910NH2466S0001FO) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1 do PXOM. A parcela atópase dentro da zona de protección dun ben de interese cultural pertencente ao catálogo do PXOM, antigo cine Mahía, identificado coa clave: BE10, e en base á Instrución de 8 de novembro de 2017 non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 2,40 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 66,97 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Martín María Bermúdez de la Puente González del Valle, que di actuar en nome da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS PEDROUZOS 13, SUBCOMUNIDADE BLOQUE 1, na que comunica que vai reparar e limpar o canalón do edificio do Paseo de Pedrouzos 13, Brión.

A edificación na que se van executar as obras, emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM, como núcleo urbano (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 9,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 73,57 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANA MARÍA PÉREZ RODRÍGUEZ, na que comunica que vai realizar obras de conservación nunha vivenda da Urbanización Río Pego 10, Ático B, Os Ánxeles, consistentes en substituír dúas ventás sitas na cuberta da vivenda que están en mal estado por outras novas das mesmas características.

A edificación (referencia catastral 6550101NH2465S0086SU) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 51,44 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 116,01 euros.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CONCEPCIÓN NOVO LODEIRO, na que comunica que vai arranxar a parte frontal dun muro en contacto coa vía pública, en Tembra 35, Boullón.

A parcela (referencia catastral 4245606NH2444N0001RT) onde se pretende executar a obra emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 (NRL-1) do PXOM e situase dentro da aldea de Tembra, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada coa clave MBE1, e en base á Instrución de 8 de novembro de 2017 non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- O muro manterá a mesma configuración, afastamento da vía e altura.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 68,10 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 132,67 euros.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Rosa María Facal Varela, que di actuar en representación de INÉS MARTINEZ MARTELO e ÁNGEL LÓPEZ CRESPO, solicitando licenza para construír unha vivenda unifamiliar e unha piscina en Brans de Abaixo 41, Brión, segundo o proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Rosa María Facal Varela, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 20.05.2022 e documentación complementaria visada con data 13.10.2022 (Expte. 2107394).

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral nº 7066205NH2476N0001JT) emprázase dentro da delimitación de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- A obra axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Rosa María Facal Varela, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 20.05.2022 e documentación complementaria visada con data 13.10.2022 (Expte. 2107394).

- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (83 m², coincidente coa superficie de cesión aceptada pola Xunta de Goberno Local de data 01.03.2018, con ocasión da concesión da licenza de segregación), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- A obtención da licenza para a edificación auxiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.400,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 289,74 euros.

Total: 2.689,74 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por María del Rial Lourido Priegue, que dia actuar en representación de AGUSTÍN VÁZQUEZ CANEDA e M^a PURIFICACIÓN TORRENTE SÁNCHEZ, solicitando licenza para construír unha vivenda unifamiliar e piscina en Outeiro 44, Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 01.07.2022 e documentación complementaria visada o 14.10.2022 (expte. núm. 2203854).

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 8242701NH2484S0001MY) emprázase dentro da delimitación de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1). A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 01.07.2022 e documentación complementaria visada o 14.10.2022 (expte. núm. 2203854).
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (aceptado pola Xunta de Goberno Local do 22.03.2022), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeadado público, deberán aportar aos efectos aval por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 3.812,61 euros.
 - .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 224,65 euros.
- Total: 4.037,26 euros.

CUARTO.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por María Leticia Fraga Domínguez, que di actuar en representación de MARTA MOREIRA VILAR, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar sita en Guitiande 54, Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local do 28.07.2020, concedeulle a Marta Moreira Vilar licenza de obra maior para construír unha vivenda unifamiliar no lugar de Guitiande 54, Os Ánxeles, segundo o proxecto de execución asinado polo arquitecto David Fernández Nogueira, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 16.04.2020 e a documentación complementaria visada o 09.07.2020 (nº expte. 2001794).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado polo arquitecto David Fernández Nogueira con data 31.05.2022, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 140,00 euros.

.- Taxa pola licenza de primeira ocupación: 96,85 euros.

Total: 236,85 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Manuel Carbajo Capeáns, que di actuar en representación de IAGO PAZOS VILASÓ, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar sita en Xinzo 32, Bastavales.

A Xunta de Goberno Local do 26.01.2021, concedeulle licenza de obra maior a Iago Pazos Vilasó, para construír unha vivenda unifamiliar, unha piscina, e rehabilitar unha edificación existente en Xinzo 32, Bastavales, segundo o proxecto básico e de execución redactado por CARBAJO Y BARRIOS Arquitectos Asociados SLP, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 18.12.2020.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado por CARBAJO Y BARRIOS Arquitectos Asociados SLP, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 27.07.2022, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa pola licenza de primeira ocupación: 64,57 euros.

Total: 64,57 euros.

QUINTO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por TOMÁS GÓMEZ FERNÁNDEZ e MARCOS JAVIER GÓMEZ ROMÁN, na que solicitan licenza para segregar unha parcela situada en Brans de Abaixo, Brión, segundo o proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Francisco Calo Abelleira, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra) con data 27.09.2022, visado número 20220971.

Descrición da parcela de orixe:

Finca número 758 de Concentración Parcelaria de San Félix de Brión.

Referencia catastral núm. 6470101NH2476S0001YD.

Superficie segundo a medición recente: 1.592 m².

Clasificación urbanística: solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº2 do PXOM para o resto do solo urbano consolidado (UC-2).

Lindes:

Norte: camiño construído polo Servizo de Concentración Parcelaria.

Sur: con Ramón Capeáns Riveiro (759).

Leste: con Concepción Barreiro Duro (757).

Oeste: coa estrada de Pedrouzos a Brans de Abaixo.

Segregación pretendida:

RFM 758.- Resto da finca matriz (758)

Superficie: 921 m².

Clasificación urbanística: solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº2 do PXOM para o resto do solo urbano consolidado (UC-2).

Lindes:

Norte: estrada de Pedrouzos a Brans de Abaixo.

Sur: Concepción Barreiro Duro (757).

Leste: estrada de acceso ás vías de servizo autovía AG-56.

Oeste: coa parcela segregada da Finca Matriz 758 (PSFM 758), procedente desta segregación.

PSFM 758.- Parcela segregada da finca matriz (758)

Superficie: 651 m².

Clasificación urbanística: solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº2 do PXOM para o resto do solo urbano consolidado (UC-2).

Lindes:

Norte: estrada de Pedrouzos a Brans de Abaixo.

Sur: Concepción Barreiro Duro (757).

Leste: resto da Finca Matriz 758 (RFM 758), procedente desta segregación.

Oeste: Ramón Capeáns Riveiro (759).

Parcela de cesión a viais (CV)

Superficie: 20 m².

Norte: estrada de Pedrouzos a Brans de Abaixo.

Sur: resto da finca matriz 758 (RFM 758), procedente desta segregación e parcela segregada da Finca Matriz 758 (PSFM 758), procedente desta segregación.

Leste: estrada de acceso ás vías de servizo autovía AG-56.

Oeste: Ramón Capeáns Riveiro (759).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión dos terreos de 20 m², ao abeiro do disposto no artigo 20.a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-.Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 129,14 euros.

Total: 129,14 euros

SEXTO.- MODIFICACIÓN DE LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Francisco Calo Abelleira, que di actuar en representación de MARÍA BELÉN BLANCO PARÍS e DIEGO VILLAR BELLO, na que solicita modificación da licenza de segregación concedida pola Xunta de Goberno Local do 19/10/2021, para segregar a parcela con referencia catastral 15013B503002850000MR, situada en Babenzo, Bastavales, segundo proxecto de segregación modificado asinado polo enxeñeiro

técnico agrícola Francisco Calo Abelleira, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de Coruña e Pontevedra, visado número 20220959-1.

Comprobadas a parcela de orixe e as parcelas resultantes da segregación pretendida, existen varios erros materiais na medición da parcela de orixe, na definición das parcelas resultantes e na superficie de cesión.

Visto o informe favorable da arquitecta municipal e do asesor xurídico urbanístico do Concello, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, consonte co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, acorda:

1º) Rectificar os erros materiais advertidos no acordo da Xunta de Goberno Local sinalado, nos seguintes termos:

Onde di:

Descrición da parcela de orixe:

Superficie: 3.668,00 m².

Clasificación urbanística: a parcela aséntanse sobre un ámbito de solo con dúas clasificacións polo PXOM:

.- 1.898 m² en solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC1).

.- 1.770 m² en solo rústico apto para urbanizar, séndolle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016 do solo de Galicia para o solo rústico, en aplicación do disposto ó respecto pola disposición transitoria primeira.

Debe dicir:

Descrición da parcela de orixe:

Superficie: **3.338,00 m²**

Clasificación urbanística: a parcela aséntanse sobre un ámbito de solo con dúas clasificacións polo PXOM:

.- **1.657 m²** en solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC1).

.- **1.681 m²** en solo rústico apto para urbanizar, séndolle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016 do solo de Galicia para o solo rústico, en aplicación do disposto ó respecto pola disposición transitoria primeira.

Segregación pretendida:

Onde di:

Finca 285-1:

Superficie neta: 821,00 m².

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1 do PXOM.

Lindes:

Norte: Carmen Álvarez Barreiro e outros propietarios (fincas 268, 268, 270 e 273).

Sur: parcela segregada 285-2.

Leste: parcela segregada 285-3.

Oeste: parcela segregada 285-4.

Debe dicir:

Finca 285-1 (Resto da finca matriz número 285/RFM 285):

Superficie neta: **823,00 m²**.

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1 do PXOM.

Lindes:

Norte: **Carmen Leboráns Núñez (273)**.

Sur: parcela segregada 285-2 (**Parcela segregada da finca matriz 285-B / PSFM 285-B**).

Leste: parcela segregada 285-3 (**Parcela segregada da finca matriz – A285/PSFM-A 285**).

Oeste: parcela segregada 285-4 (**Cesión a viais CV**) e despois estrada de **Escravitude a Os Ánxeles**.

Onde di:

Finca 285-2:

Superficie neta: 821,00 m².

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1 do PXOM.

Lindes:

Norte: parcela segregada 285-1.

Sur: Dolores Leboráns Núñez, hoxe os seus herdeiros, don Ramón e dona María Luisa Iglesias Leboráns (286).

Leste: parcela segregada 285-3.

Oeste: parcela segregada 285-4.

Debe dicir:

Finca 285-2 (Parcela segregada da finca matriz 285-B / PSFM 285-B):

Superficie neta: 821,00 m².

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1 do PXOM.

Lindes:

Norte: parcela segregada 285-1 (**Resto da finca matriz número 285/RFM 285**).

Sur: Dolores Leboráns Núñez, hoxe os seus herdeiros, don Ramón e dona María Luisa Iglesias Leboráns (286).

Leste: parcela segregada 285-3 (**Parcela segregada da finca matriz – A285/PSFM-A 285**).

Oeste: parcela segregada 285-4 (**Cesión a viais CV**), e despois estrada de **Escravitude a Os Ánxeles**.

Onde di:

Finca 285-3.

Superficie neta: 1.770,00 m².

Clasificación urbanística: solo rústico apto para urbanizar polo que, segundo a disposición transitoria 1º. 2.b) da Lei 2/2016 do solo de Galicia aplicáselle o disposto nesta Lei para solo rústico.

Lindes:

Norte: Carmen Álvarez Barreiro e outros propietarios (fincas 268, 268, 270 e 273).

Sur: Dolores Leboráns Núñez, hoxe os seus herdeiros, don Ramón e dona María Luisa Iglesias Leboráns (286).

Leste: Eligio López Gómez (284).

Oeste: parcelas segregadas 285-1 e 285-2.

Debe dicir:

Finca 285-3: (Parcela segregada da finca matriz – A 285 / PSFM-A 285).

Superficie neta: **1.681,00 m²**.

Clasificación urbanística: solo rústico apto para urbanizar polo que, segunda disposición transitoria 1º. 2.b) da Lei 2/2016 do solo de Galicia aplicáselle o disposto nesta Lei para solo rústico.

Lindes:

Norte: **Fincas 268, 269 e 270.**

Sur: Dolores Leboráns Núñez, hoxe os seus herdeiros, don Ramón e dona María Luisa Iglesias Leboráns (286).

Leste: Eligio López Gómez (284).

Oeste: **Parcela 285-1 (Resto da finca matriz número 285/ RFM 285) e Parcela 285-2 (Parcela segregada da finca matriz 285-B / PSFM 285-B).**

Onde di:

Finca 285-4: (parcela de cesión).

Superficie neta: 256,00 m²

Lindes:

Norte: Carmen Álvarez Barreiro e outros propietarios.

Sur: Dolores Leboráns Núñez, hoxe os seus herdeiros, don Ramón e dona María Luisa Iglesias Leboráns (286).

Leste: parcelas segregadas 285-1 e 285-2.

Oeste: Estrada Escravitude - Os Ánxeles (AC-300).

Debe dicir:

Finca 285-4: **(Cesión a viais CV).**

Superficie neta: **13,00 m²**

Lindes:

Norte: **Carmen Leboráns Núñez (273).**

Sur: **Remata en punta, e despois Dolores Leboráns Núñez, hoxe os seus herdeiros, D. Ramón e Dna. María Luisa Iglesias Leboráns (286).**

Leste: **Parcelas 285-1 (Resto da finca matriz 285 / RFM 285), e parcela 285-2 (Parcela segregada da finca matriz 285-B / PSFM 285 - B).**

Oeste: Estrada Escravitude a Os Ánxeles.

2º) Modificar a superficie de cesión dos terreos e aceptar os 13 m² ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

3º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-.Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 64,57 euros

SÉTIMO.- BONIFICACIÓN DE PREZO PÚBLICO.

a) Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por O.F.P.M., con rexistro de entrada no Concello núm. 2699, do 13.10.2022, na que solicita a bonificación do 100% da tarifa correspondente á actividade de: Obradoiro mente activa para maiores.

Vista a proposta de bonificación do 100% da traballadora social do 14/10/2022, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada técnica como de difícil integración, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a O.F.P.M. unha bonificación do 100% do prezo público por importe de 90 € correspondente a súa participación na actividade de: Obradoiro mente activa para maiores, por atoparse a unidade de convivencia en situación valorada técnica como de difícil integración, consonte co disposto no artigo 5.6 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio.

2º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento.

OITAVO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,40 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González